



## **BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO DÍA 2 DE FEBREIRO DE 2009**

### **Sres.Asistentes:**

#### **SR.ALCALDE – PRESIDENTE.**

D. JUAN A. MACEIRAS BARROS. (PP)

#### **SRES.CONCELLEIROS.-**

D. JESUS VEIGA SABÍN. (PP)  
DONA TANIA MARIA RUANOVA SUAREZ (PP)  
DON ANTONIO BERNARDO LÓPEZ (PP)  
DONA EVA MARIA VILARIÑO GONZALEZ (PP)  
DONA MARÍA ROSARIO MANSO LÓPEZ (PP)  
DON JUAN MANUEL BECEIRO CABEZAL (PSOE)  
DON MANUEL MONTERO ANIDO(PSOE)  
DON JOSE MARIA LAYA CARRIL (TEGA).  
DON ANTONIO CORTIZAS RODRÍGUEZ (ASI - MIÑO).

#### **SRES.CONCELLEIROS AUSENTES.-**

DON FRANCISCO REY MALLO (PP)  
DONA EMMA GONZALEZ ALVAREZ (PSOE)  
DONA ROSA MARIA MASEDA GONZALEZ (BNG)

#### **SR. SECRETARIO ACCTAL.**

EMILIO CAÍNZOS QUINTÁS

No salón de Plenos da Casa do Concello en Miño, ás trece horas e quince minutos do día 28 de xaneiro de 2009, previa a súa convocatoria, reúnese o Pleno do Concello en sesión extraordinaria, coa asistencia dos Sres. Concelleiros que se acaban de citar, co obxecto de tratar os seguintes asuntos que conforman a orde do día

### **1. APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES (29-12-2008, 16-01-2009 E 28-01-2009)**

Dáse conta que están pendentes de aprobación as actas das sesións extraordinarias celebradas polo Pleno os días 19-12-2008, 16-01-2009 e 28-01-2009, das que se entregaron copia dos borradores a tódolos concelleiros, polo que o Sr. Alcalde pregunta se algún concelleiro quere facer algunha observación, manifestando que non, atopando-se conformes, polo que aproban-se por unanimidade.

De seguido, antes de pasar ao seguinte punto, polo Secretario accidental infórmase que ao carecer do preceptivo dictamen da Comisión Informativa de Asuntos Xerais, motivada a urxencia pola Alcaldía, de conformidade co establecido no artigo 82.3 do ROF, aprobado polo RD 2568/1986, de 28 de novembro, o Pleno deberá ratificar a súa inclusión na orde do día. Polo que se somete a votación, e o Pleno, por unanimidade, acorda ratificar a súa inclusión.



## **2. APROBACIÓN DO PROXECTO E SOLICITUDE DE EXECUCIÓN DA OBRA: “MELLORAS HIDRÁULICAS NAS RÚAS GARCÍA PICOS, PARDIÑEIRA, TAÍNA, FUENTE E RABAZAL. MIÑO (A CORUÑA)”**

Visto o escrito remitido pola Administración Hidráulica de Galicia da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible de data 21-08-08, rexistro de entrada 5985 de 26-08-08, no que se fai referencia á obra a executar neste municipio “Melloras Hidráulicas nas rúas García Picos, Pardiñeira, Taína, Fuente e Rabazal. Miño (A Coruña)”, promovida de oficio pola Administración Hidráulica de Galicia e financiada na súa integridade por esta con cargo aos seus orzamentos, dentro do marco do Plan Hidrolóxico de Galicia, cun orzamento de 232.000,00 €.

Vistos os informes emitidos polo Arquitecto Municipal, Oficina do Catastro e secretaría deste concello, profere-se ao Pleno a adopción do seguinte

### **ACORDO**

**PRIMEIRO:** Aprobar o proxecto da obra “Melloras Hidráulicas nas rúas García Picos, Pardiñeira, Taína, Fuente e Rabazal. Miño (A Coruña)” redactado polo enxeñeiro D. Javier López Pita, de Singla Ingeniería, S.L., cun orzamento de execución por contrata de 232.000 €.

**SEGUNDO:** Poñer a disposición da Administración Hidráulica de Galicia dos terreos e augas necesarios, libres de cargas e gravames, para a normal execución das obras.

**TERCEIRO:** Renunciar expresamente á suxección de calquera tipo de taxa, licenza, canon ou imposto de carácter municipal con motivo das obras.

**CUARTO:** Comprometerse á entrega das autorizacións e permisos necesarios para a realización das obras.

**QUINTO:** Comprometerse a asumir a explotación, mantemento e conservación das obras, unha vez recepcionadas pola Administración Hidráulica de Galicia e entregadas por esta ao concello, e de efectuar os traballos ordenados pola inspección facultativa despois da súa execución.

Sometida a proposta de acordo a votación obtén-se o seguinte resultado: Dez votos a favor, que se corresponden coa da totalidade dos Sres. Concelleiros presentes, polo que se aproba por unanimidade.

Queda aprobada a proposta de acordo relativa á aprobación do proxecto e solicitude de execución da obra “Melloras Hidráulicas nas rúas García Picos, Pardiñeira, Taína, Fuente e Rabazal. Miño (A Coruña)”.

Non habendo outros asuntos que tratar, a Presidencia da por rematada a sesión ás trece horas e vinte e cinco minutos, de todo o cal, como Secretario Acctal., dou fé.

O ALCALDE-PRESIDENTE

O SECRETARIO ACCTAL.